



Un paso histórico para o ensino público galego

Estimadas compañeiras e compañeiros,

Seguramente recibiredes esta mensaxe ata catro veces, pero a ocasión ben merece a pena.

Hoxe damos un novo paso adiante no desenvolvemento do *Acordo sobre medidas de mellora do sistema educativo público non universitario de Galicia (Acordo sobre Medidas de Mellora)*, un paso que responde á necesidade de adaptar a organización do sistema educativo ás demandas actuais e futuras e que supón un avance de carácter histórico na mellora das condicións do profesorado e na calidade do ensino público galego.

Froito do diálogo e do traballo constante entre CCOO Ensino, ANPE, UGT-SP e CSIF e a Consellería de Educación, nas vindeiras semanas pasará polos órganos correspondentes de negociación **E APROBARASE** unha proposta normativa para implementar a 1 de setembro de 2026 as seguintes medidas:

- **Recuperación das 18 sesións lectivas con 23 sesións de permanencia fixa semanal no centro** para Secundaria, Bacharelato, FP e ensinanzas de réxime especial.
- Recoñecemento por primeira vez da **imprescindible función titorial con redución do horario lectivo para esta función.**
- **Incremento da dotación horaria para as esixentes funcións dos equipos directivos.**
- Avance nas **medidas de atención á diversidade** cunha aposta pola dotación de persoal estrutural a través da **modificación dos catálogos de Infantil e Primaria** (sen actualizar desde o ano 2007) para incrementar de forma estable nos centros o profesorado tanto de Audición e Linguaxe como de Pedagogía Terapéutica.
- **Dotación de máis persoal de Orientación e profesorado especialista de atención á diversidade** para asignar naqueles centros que máis o precisen.
- **Adianto ao curso 2028-2029** do calendario previsto para a **redución progresiva de ratios na etapa de Secundaria.**

Este anuncio dá continuidade ao camiño iniciado coa sinatura do Acordo en 2023, un acordo de carácter estrutural que xa permitiu recuperar e mellorar aspectos clave do sistema educativo.

Desde entón, os avances son xa visibles nos centros: evitouse o peche de centos de aulas e consolidouse emprego docente, cun saldo positivo de máis de 650 docentes no sistema; reduciuse o horario lectivo en Infantil e Primaria ata as 23 sesións; melloráronse as retribucións do profesorado; avanzouse na redución de ratios e na súa adaptación á realidade do alumnado, incluíndo o cómputo



dobre e triplo en función das necesidades; e introducíronse melloras organizativas que permiten unha atención máis axeitada á diversidade e ás necesidades dos centros. **Nun contexto de forte descenso demográfico, estes avances permitiron non só frear recortes, senón mellorar as condicións de ensino e aprendizaxe.**

Neste tempo, si que existiu unidade sindical, a das organizacións asinantes do Acordo que continuamos traballando de maneira constante, seria e discreta, tanto no ámbito intersindical como na interlocución coa Administración, para garantir o desenvolvemento completo do pactado e seguir avanzando en novas medidas. **Unha unidade sindical que sempre estivo e está aberta a novas incorporacións.**

Somos conscientes e partícipes do compromiso do profesorado e do conxunto da comunidade educativa na defensa dun ensino público de calidade. As mobilizacións e as folgas son ferramentas lexítimas de acción sindical, pero non poden ser un fin en si mesmas, a súa utilidade reside en que permitan abrir e consolidar espazos reais de negociación. **Nese ámbito é onde se producen os avances que transforman o sistema.**

A experiencia destes anos demostra que, lonxe da confrontación estéril, é a través do diálogo, da negociación e da unidade sindical como se acadan melloras reais e duradeiras. **Os avances que agora se anuncian son unha mostra clara de que esa é a vía que funciona.**

Seguiremos traballando con responsabilidade e determinación para continuar mellorando as condicións do profesorado e reforzar o sistema educativo público galego.

Recíbide un cordial saúdo.

CCOO Ensino | ANPE | UGT-SP | CSIF